



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Expte.: 24/09-C

En data 27 de agosto de 2009 a Alcaldía dictou a seguinte resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar definitivamente a obra “Paseo marítimo Praia do Señal”.

Segundo.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato “Paseo marítimo Praia do Señal” á empresa CONSTRUCTORA ROELJU, S.L., con CIF n.º B-36335198, e domicilio social na rúa Reboredo n.º 22-Baixo, de Cangas (CP 36940), polo importe total de 210.000 €e un prazo de execución de tres meses.

Terceiro.- Emprazar ao adxudicatario para a sinatura do contrato que terá lugar o día 28.08.2009 ás 11:00 no Concello.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e demais licitadores, á Intervención Municipal, á directora de obra e ao departamento de contratación.

Quinto.- Dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante e a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión aos efectos da súa ratificación.

O que se fai público no perfil do contratante aos efectos oportunos.